



Por un Transporte Público digno na Galiza

QUE PASA CO TRANPORTE COLECTIVO EN GALIZA?

Dende sempre Galiza ven padecendo unha deficiencia na comunicación interna entre as vilas e cidades do noso país. Unha deficiencia na cobertura da rede de ferrocarrís e de transporte por estrada, que provocan que haxa moitas zonas que non dispoñen de transporte colectivo ou nas que o que hai que estea teña moi poucas frecuencias e altos prezos para o servizo que se oferta.

Este problema de comunicacións no noso país é consecuencia dunha falla de vontade política dos sucesivos gobernos do Estado, tanto do PSoE como do PP que miran para outro lado cando se trata de traer inversións para a mellora do ferrocarril ou de transferir as competencias para crear unha rede de cercanías e xestionar mellor un servizo que se oferta en Galiza. Moitas son as excusas que se deron por parte dos gobernos do Estado para que a nosa nación sempre chegara tarde con respecto a outras zonas e teña unha conexión interior deficitaria. Xa vai sendo hora de que Galiza conte cunha rede de transportes acaída á nosa realidade nacional.

PORQUE NOS AFECTA A TODOS E TODAS, E EN ESPECIAL Á MOCIDADE

O transporte colectivo nun país como o noso (que conta cunha alta dispersión da poboación e a metade dos núcleos de poboación de todo o Estado) é vital para a súa vertebración e o establecemento de vínculos sociais, económicos, comerciais, culturais... Hoxe esta falta de comunicación en moitas zonas de Galiza está a ter consecuencias moi graves ao carecer de transporte colectivo (tren ou bus) e son moitos os e as cidadáns e cidadás que teñen que botar man do automóbil para acceder ao seu posto de traballo, ao seu lugar de estudo, ou a moitos servizos necesarios.

Dentro desta situación, a mocidade é un dos sectores sociais peor parados. Estudiar ou traballar en determinadas zonas de Galiza, convértese nunha odisea para milleiros de mozas e mozos que precisan do transporte para os seus desprazamentos. Un bo transporte colectivo promovería a igualdade social, xa que permitiría que persoas con poucos recursos ou dependentes, entre eles moita mocidade, maiores e discapacitados, que non teñen outro medio para desprazarse, gozaran de autonomía.

PRECISAMOS CAMBIAR ESTA SITUACIÓN.

Por iso dende Galiza Nova, organización xuvenil do BNG, consideramos que é necesario mudar esta situación e conquistar a vertebración da nación. Cremos que temos dereito como pobo a poder autogobernarnos nesta materia xa que a vertebración do noso



territorio melloraría a calidade de vida dos galegos e galegas. Todo o transporte colectivo ten que ser responsabilidade do Goberno Galego para que tanto o transporte en ferrocarril coma por estrada sexan contemplados conxuntamente. Por iso é necesaria a transferencia dos servizos ferroviarios, concretamente o servizo que RENFE denomina Cercanías e que non existe en Galiza, para que poidamos ter comarcas e vilas mellor conectadas entre si e que se dote a todo o territorio de dobre vía para que permita máis frecuencia nos traxectos e que non sexa preciso que un tren agarde polo outro. Ademais consideramos que as concesións ás empresas de autobuses que se fixeron no pasado teñen que ter mecanismos que permitan corrixir a situación actual redefinindo paradas e aumentando os buses directos, mellorando a calidade do servizo en relación co prezo do mesmo e evitando que moitas zonas do país estean incomunicadas ou teñan un mal servizo pola empresa que o xestione.

Dende Galiza Nova, queremos un cambio de modelo a favor da mocidade, dos estudantes, dos traballadores, dos maiores, dos pensionistas, dos discapacitados... por iso precisamos do teu apoio. Non queremos que os venres e os domingos milleiros de estudantes universitarios teñan que ir no tren “enlatados”, nin pagar 25 euros para ir e volver de Xinzo a Santiago, ou que non exista tren para ir de Lugo á Mariña Luguesa e haxa que vivir unha odisea en bus... Porque ademais o transporte colectivo sería máis económico, máis ecolóxico e melloraríamos a seguridade viaria. **NÓS VÉMOLO CLARO. SÚMATE A NÓS.**

POR UN FERROCARRIL ACAÍDO ÁS NECESIDADES DO PAÍS.

- Modernización dos trens e mellora das estacións e apeadeiros.
- Creación da rede de Cercanías: A Coruña - Ferrol, Santiago - Vilagarcía e Pontevedra-Vigo.
- Combinación dos horarios de ferrocarril cos de bus.
- Aumento de prazas na liña A Coruña- Vigo, no desprazamento de estudantes.
- Aumento da frecuencia de trens na liña Ourense-Vigo, Ourense- Santiago, Lugo-Monforte- Ourense, Ferrol- A coruña.
- Ampliación das liñas Santiago-Lugo, Lugo- A Mariña e Ferrol- A Mariña.

PARA MELLORAR O TRANSPORTE PÚBLICO POR ESTRADA EN GALIZA.

- Inclusión como parada das liñas de autobuses as estacións e apeadeiros de tren.
- Gratuidade do autobús para o estudantado que curse o 1º e 2º de Bacharelato.
- Mellora da flota de autobuses e adaptación a persoas con problema de mobilidade.



- Rebaixas no prezo para o estudiantado en todas as liñas.
- Remodelación ou creación de estacións ou paradas que reúnan as condicións acaídas para o seu uso.

- Creación ou reubicación, de paradas, en torno a aqueles puntos de maior afluencia e nº de habitantes, en frecuencias e horarios axeitados, tendo en conta a proximidade a servizos públicos importantes para a xente nova (pavillóns, institutos, bibliotecas...)